

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

1. O DIÑEIRO: ORIXE E EVOLUCIÓN

VIDEO: Clip de El Concursante

Exemplo 1: (www.eumed.net/cursecon)

Imaxinemos a gran cantidade de problemas que se lles expoñían aos membros das sociedades primitivas que carecían de diñeiro e tiñan que utilizar o sistema do troco. Un cazador que desexa adquirir un cámara de barro diríxese ao taller dun oleiro. Só pode pagarlle cos produtos do seu traballo, a saber, coas peles ou coa carne dos animais capturados, polo que camiña agobiado polo peso das mercancías que ofrece. Se o oleiro non necesita peles nin carne, se non se produce a coincidencia simultánea de necesidades recíprocas non será posible o intercambio. O oleiro, aínda que de momento non necesita dos produtos do cazador, se mostra disposto a aceptar algún para conservalo para futuros intercambios, pero para iso non serve a carne que sufriría perda rápida do seu valor. Aceptaría polo tanto unha pel, pero o cazador pode considerar que non hai coincidencia de valores das mercancías a intercambiar. A pel dun animal é indivisible, perdería valor se lla fraccionase, polo que non serve para adquirir minucias.

Nas sociedades primitivas, o intercambio de bens e servizos producíase a través do troco. O problema do troco era que esixía unha dobre coincidencia de intereses.

Se o cazador e o oleiro tivesen unha mercancía común de intercambio, non habería problema. É entón cando se poñen de acordo para utilizar, como medio de pagamento, determinadas mercancías.

Que características debe cumprir unha mercancía para que sirva como medio de pagamento para realizar intercambios?

A mercancía debía ser facilmente transportable, duradeira, divisíbel, homoxénea, ter valor por si mesma e ser xeralmente aceptada. As mercancías adoptadas foron, entre outras: cereais, sal (de onde vén a palabra salario), etc. É o chamado **diñeiro mercancía**.

Exercicio:

1:

- a) Explica en que medida cumpre estas características os animais capturados polo cazador do exemplo para ser utilizados como medio de pagamento.
- b) Explica cales cumpre e cales non, as seguintes mercancías utilizadas ao longo da historia como diñeiro mercancía:
 - cereais
 - sal (de onde vén a palabra salario)
 - cigarros nos campos de concentración durante a 2ª Guerra Mundial
 - camellos

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

Os bens que mellor se adaptaban ás características citadas, eran os metais preciosos e pronto empezaron a utilizarse como o medio de pagamento máis habitual, utilizando o ouro, prata, bronce, etc.

Antes da Idade Media, o comercio estaba moi desenvolvido pero o problema era que para poder realizar o intercambio, as persoas tiñan que realizar desprazamentos con grandes cantidades de diñeiro (diñeiro-mercancía), e se expoñía a ser asaltados nos camiños (pensemos na inseguridade daquela época).

Diñeiro papel: a partir da Idade Media, por motivos de seguridade, as persoas depositaban o ouro que dispoñían para o intercambio en casas de ourives que ofrecían confianza e, a cambio, estes dábanlle uns certificados acreditativos do depósito. É a aparición do diñeiro papel.

A partir do s.XVII empezaron a aparecer os bancos que eran os que acuñaban os billetes en función do ouro que dispoñían nas súas arcas e, posteriormente esta función é asumida polos bancos centrais de cada país.

Diñeiro fiduciario: na actualidade o valor do diñeiro non depende da súa equivalencia en ouro, non aceptamos o diñeiro polo valor que representa senón pola confianza que se ten de que vai ser aceptado como medio de pagamento. Todos os axentes da economía acéptano como diñeiro e iso determina o seu emprego xeneralizado.

Outros tipos de diñeiro son a letra de cambio, obriga de pagamento e cheque; as contas correntes, de aforro; as tarxetas de crédito, etc.

TROCO – DIÑEIRO MERCANCÍA – DIÑEIRO PAPEL – DIÑEIRO FIDUCIARIO

2. FUNCÍONS DO DIÑEIRO. DEMANDA E OFERTA

Para que serve o diñeiro?

Para contestar a esta pregunta veremos as diferentes funcións que cumpre o diñeiro nas súas diferentes modalidades:

2.1 - Funcións do diñeiro

- **Medio de cambio:** o diñeiro serve para poder pagar os bens ou servizos que precisamos, neste sentido falamos de diñeiro como o medio de pagamento xeralmente aceptado.

- **Unidade de conta:** para poder comparar o valor dos diferentes bens ou servizos, para poder valorar a riqueza dunha persoa, é dicir, para poder comparar ou valorar os diferentes bens ou servizos necesitamos unha mesma unidade de medida do valor. Para iso utilizamos o diñeiro e valoramos as cousas no seu equivalente en euros.
- **Depósito de valor:** é unha medida de aforro, de acumular riqueza. Na medida que atesoramos máis diñeiro aumentamos o noso patrimonio. Neste caso debemos pensar que o diñeiro perde valor ao longo do tempo.

Por que necesitamos o diñeiro? ¿Para que o demandamos?

2.2 - Demanda de diñeiro

Os axentes da economía demandan diñeiro por diferentes motivos:

- a) **Motivo transacción:** todos necesitamos diñeiro para adquirir os nosos bens ou servizos, así é un medio necesario para poder satisfacer as nosas necesidades.
- b) **Motivo precaución:** en previsión de futuras necesidades, demandamos diñeiro para poder cubrilas.
- c) **Motivo especulación:** para poder investir diñeiro en algo que pensamos que se vai revalorizar no futuro.

Canto diñeiro hai nunha economía? ¿Quen teñen a facultade de decidir a oferta de diñeiro? ¿E a súa creación?

2.3 - Oferta de diñeiro

A cantidade de diñeiro que hai nunha economía é decisión dos Bancos Centrais, no noso caso, do Banco Central Europeo, e é creado por institucións dependentes do mesmo. Pero tamén poden crear diñeiro os bancos ou intermediarios financeiros bancarios, como veremos na seguinte unidade.

A oferta monetaria, é dicir, a cantidade de diñeiro que dispoñen os axentes da economía para realizar transaccións ou por outros motivos, non se limita ás moedas acuñadas e billetes en circulación, senón que estes supoñen unha pequena parte da oferta monetaria. Hoxe en día está moito máis xeneralizado o pagamento con tarxetas de crédito, transferencias, etc., e en ningún destes casos utilízanse moedas nin billetes.

Polo tanto, para contabilizar a cantidade de diñeiro que existe nunha economía, hai que contar os depósitos bancarios ademais das moedas e billetes en mans do público.

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

Faremos unha clasificación en función da súa liquidez (de maior a menor liquidez):

Saber máis: A oferta de diñeiro.

As decisións de aumentar ou diminuir a oferta monetaria que, no caso do Sistema Monetario Europeo (SME), a moeda é o euro, adóptaa o Banco Central Europeo.

3. O PREZO DO DIÑEIRO

Calquera ben ou servizo ten un prezo, o diñeiro tamén.

Se non dispoñemos de diñeiro podemos acudir a un banco ou outro prestamista para pedirlo e cederanos o seu uso durante un período de tempo. A cambio nos vai cobrar un prezo, este prezo será o tipo de interese.

Se dispoñemos dun diñeiro que non necesitaremos ata un momento futuro, podemos decidir ceder o seu uso temporalmente a outros axentes económicos, neste caso cobrarémolles tamén un prezo, que está determinado polo tipo de interese.

Exemplo préstamo: Juan desexa comprarse un coche, para o cal necesita 10.000 € que non ten. Acode a un banco para pedir un préstamo deste importe e ofrécenlle as seguintes condicións: prezo ao que lle prestan o diñeiro 10% anual (pagable por trimestres, é dicir, cada trimestre un 2,5%), e deberá devolver o principal (10.000€) ao final do ano. Que cantidades deberá pagar Juan en cada momento?

Momentos	Xuros	Devolución Préstamo	Pagos totais	Valor do Préstamo
Momento 0				10.000
3 meses	250		250	10.000
6 meses	250		250	10.000
9 meses	250		250	10.000
12 meses	250	10.000	10.250	
TOTAIS	1.000	10.000	11.000	

Exemplo depósito: Luisa dispón de 10.000 euros, que sabe que non vai necesitar ata dentro de, polo menos, un ano. Decide depositalos nun banco que lle ofrece un tipo de interese do 10% trimestral (2,5% cada tres meses). Depositarao durante un ano, renovándose o depósito cada tres meses xunto cos xuros xerados. Que cantidade recibirá a final de ano?

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

Momentos	Xuros	Valor Depósito	Novo Depósito
Momento 0			10.000
3 meses	250	10.250	10.250
6 meses	256,25	10.506,25	10.506,25
9 meses	262,66	10.768,91	10.768,91
12 meses	269,22	11.038,13	

Os tipos de xuro determínanse como un tanto por cen sobre a cantidade de diñeiro prestada.

3.1 – Taxa Anual Equivalente (TAE)

Por que, aínda que o tipo de interese parece o mesmo no préstamo e depósito anterior, as cantidades a pagar son distintas?

O custo dun préstamo non se limita aos xuros que se deben pagar para devolver as cantidades prestadas, senón que en moitos casos hai outros gastos asociados “incubiertos”, como os gastos de apertura, de xestión, etc. Isto supón que, aínda que inicialmente pareza máis barato un préstamo, poida non selo; ou que parecendo que nos pagan máis polo noso diñeiro nun depósito que noutro, tampouco o sexa.

Para solucionar este problema debemos recorrer á Taxa Anual Equivalente ou TAE.

Exemplo: Nos exemplos anteriores, se temos en conta unicamente o custo de préstamo (1000€ sobre un préstamo de 10.000) sen ter en conta o momento en que se pagan os xuros, sería un 10%. O depósito ofrece un tipo de interese real do 10,38% (1.038,13€ sobre un depósito de 10.000).

Que pasaría se o préstamo tivese unha comisión de apertura do 1%?

Que Juan debería pagar no momento de constitución do préstamo 100 euros de comisión, polo que o custo total sería de 1.100 euros sobre un préstamo de 10.000. É dicir, o tipo de interese é do 10%, pero o que realmente ten que pagar (e é o que lle custou o préstamo) é un 11% sobre a cantidade solicitada.

Neste caso o tipo de interese é o 10%, pero a TAE é do 11% (o que realmente lle custou o préstamo)

A TAE ou Taxa Anual Equivalente ofrece o custo efectivo (total ou real) dun préstamo ou a remuneración efectiva dun depósito.

3.2 - Factores que inflúen no tipo de interese

Non todos os prestamistas están dispostos a cobrar o mesmo polo seu diñeiro. Ademais da política monetaria, que veremos, os tipos de interese van ser diferentes segundo se comporten as seguintes variables:

- **Risco:** a maior risco, maior tipo de interese. Canto maior sexa o risco de recuperar o diñeiro investido, esixiremos un maior tipo de interese. Así, esiximos un maior interese na renda variable que na renda fixa.
- **Prazo:** a maior prazo, é dicir, canto máis tempo esteamos sen poder dispoñer dese diñeiro, maior tipo de interese.
- **Liquidez:** canto máis fácil sexa recuperar ese diñeiro nun momento determinado, menor tipo de interese esixiremos.

Exemplo: Supoñamos que imos a un banco a asesorarnos na mellor opción para investir 1.000 euros aforrados e que case estamos seguro de que non necesitaremos ata dentro de 3 anos:

O asesor do banco infórmanos das seguintes opcións:

- *Accións da empresa Batinsa (que non coñecemos), que se espera que no período de tres anos se revalorice nun 30%, ademais de pagar uns dividendos anuais do 10% sobre o valor nominal, que coincide co prezo de compra neste momento e é de 1000 €/acción.*
- *Letras do Tesouro a 18 meses, cun tipo de interese do 4% anual*
- *Bono do Tesouro a 3 anos, cun tipo de interese do 4,5% anual.*
- *Depósito a 18 meses renovable a un tipo de interese do 4% anual. Este pódese liquidar no momento que queiramos cunha penalización do 0,5% sobre o capital depositado.*

Preguntas:

- Cal é a opción que escollerías? Por que?*
- Se escolleses as accións, a cambio de que estarías obtendo máis diñeiro?*
- Por que cres que o Tesouro Público pode pagar unha maior cantidade polos bonos que polas letras?*
- No caso de decidirche polo depósito fronte ás letras, Cal é o factor que te influiría?*

Saber máis: Letras, bonos e obrigas do Tesouro

VIDEOS: ----- Tesoro ----- Tesoro Público: cosecha

4. A INFLACIÓN: CONCEPTO E TIPOS

VIDEO: O BCE: A Estabilidade de Prezos

O diñeiro co tempo perde valor, isto é debido a que o habitual é que os prezos dos bens e servizos medren de forma xeneralizada, o que supón que co mesmo diñeiro se poida adquirir menos cousas.

A capacidade adquisitiva do diñeiro cada vez é menor debido á inflación, que se pode definir como o aumento sostido do nivel xeral de prezos dunha Economía.

Vexamos, co exemplo proposto no manual editado polo BCE: "A estabilidade de prezos: por que é importante para tí?":

Efecto da inflación (transcorridos n anos) no prezo de dous CD sinxelos, que, neste momento, custan 10 euros.

Custo do produto		10				
		Taxa de inflación interanual				
		1%	2%	5%	10%	30%
Trancurridos (anos)	Prezos estables	Período inflacionista				
1	10,10	10,20	10,50	11,00	13,00	
2	10,20	10,40	11,03	12,10	16,90	
3	10,30	10,61	11,58	13,31	21,97	
4	10,41	10,82	12,16	14,64	28,56	
5	10,51	11,04	12,76	16,11	37,13	
6	10,62	11,26	13,40	17,72	48,27	
7	10,72	11,49	14,07	19,49	62,75	
8	10,83	11,72	14,77	21,44	81,57	
9	10,94	11,95	15,51	23,58	106,04	
10	11,05	12,19	16,29	25,94	137,86	

Como consecuencia da inflación, as familias ven diminuída a súa capacidade de compra a non ser que o efecto da inflación sexa compensada por un incremento proporcional das rendas que obteñen. As empresas ven como os seus custos aumentan e, polo tanto, os produtos que venden perdendo competitividade fronte a outras economías con menos inflación.

Valor equivalente de 100 euros (transcorridos n anos).

DIÑEIRO (€)		100				
		Taxa de inflación interanual				
		1%	2%	5%	10%	30%
Trancurridos (anos)	Prezos estables	Período inflacionista				
1	99,01	98,04	95,24	90,91	76,92	
2	98,03	96,12	90,70	82,64	59,17	
3	97,06	94,23	86,38	75,13	45,52	
4	96,10	92,38	82,27	68,30	35,01	
5	95,15	90,57	78,35	62,09	26,93	
6	94,20	88,80	74,62	56,45	20,72	
7	93,27	87,06	71,07	51,32	15,94	
8	92,35	85,35	67,68	46,65	12,26	
9	91,43	83,68	64,46	42,41	9,43	
10	90,53	82,03	61,39	38,55	7,25	

4.1 - Tipos de inflación:

- Inflación moderada: cando as taxas anuais non sobrepasan o dígito (<10%).
- Inflación galopante: cando superan un dígito e pode chegar ata a tres.
- Hiperinflación: as taxas son tan elevadas cá xente non está disposta a manter o diñeiro en efectivo.

Hoxe en día, nos países industrializados temos unha inflación moderada, aínda que cabe distinguir neste caso entre a inflación latente e a aberta. A latente supón que o alza dos prezos é inferior ao 3%, mentres que se se atopa entre o 3% e o 10 %, falamos de inflación aberta.

A diferenza entre unha e outra é substancial, mentres que a inflación latente se considera normal (o obxectivo da UE é que a taxa de inflación non supere o 2%), se subimos do 3% (como o caso de Galicia e España) atopámonos nunha situación preocupante pola continua perda de competitividade nun mundo globalizado como o noso.

Saber máis:	Hiperinflación
	Estanflación

5. CAUSAS E CONSECUENCIAS DA INFLACIÓN

5.1 - Causas da inflación

As diferentes teorías explicativas da inflación céntranse en tres vías: a inflación débese a excesos de demandas (inflación de demanda), que se produza polo lado da oferta (inflación de custos) ou debido a desaxustes máis profundos e estruturais (inflación estrutural).

a) **A inflación de demanda:** a cantidade de bens e servizos demandados polos axentes económicos é superior á capacidade produtiva da economía.

- Por un lado podemos explicala a través da Demanda Agregada [$DA = C + I + G + (X-M)$], ao aumentar a cantidade demandada por parte das familias, empresas ou Estado por riba das posibilidades de produción da economía, prodúcense subidas de prezos.

- Por outra beira (segundo os monetaristas) a suba da cantidade demandada é debida ao aumento do diñeiro en circulación.

Exercicio:

Le o seguinte artigo e relaciónao coas causas que actualmente poden estar provocando a inflación

A causa inmediata do mal é fácil de enunciar. O difícil é identificar a causa última. A causa próxima da inflación é sempre a mesma: un incremento demasiado rápido da cantidade de diñeiro en circulación con respecto á produción.(...)

As variacións no circulante son decididas agora polo goberno, o que significa que actualmente nos Estados Unidos a inflación provén exclusivamente de Washington. Por suposto que a ningún goberno lle gusta cargar coa responsabilidade dos seus desacertos, aínda que, sen dúbida, sempre se achen dispostos a atribuírse canto de bo outros fagan. Por tal motivo, os nosos gobernantes culpan da inflación aos xeques árabes, que incrementan o prezo do petróleo; aos líderes sindicais, que impulsan á alza os salarios; á cobiza do mundo empresarial; ás catástrofes naturais, que malogran as colleitas, etc.

Todos estes factores non son, sen embargo, senón chibos expiatorios que apenas teñen que ver coa inflación.

(Milton Friedman, Paro e Inflación, 1982)

FONTE: www.eumed.net

b) **Inflación de custos:** derivada do aumento do prezo dos factores de produción, como poden ser as materias primas, o empresario para non ver diminuídos os seus beneficios, trasladan este incremento do prezo dos factores aos seus produtos finais.

Este incremento dos custos dos factores pode ser tanto por parte das materias primas como doutros factores como tipos de interese, salarios, etc.

c) **Inflación estrutural:** cando a estrutura económica dun país é demasiado ríxida e prodúcense estrangulamentos en determinados sectores, impedindo o correcto funcionamento da economía, ao non poder dar resposta ás demandas da sociedade. Estes estrangulamentos de determinados sectores trasládanse a outros, provocando unha subida de todos os prezos.

Este tipo de inflación producíuse nas economías latinoamericanas na segunda metade do s. XX.

5.2 - Consecuencias da inflación

Algúns das consecuencias da inflación poden ser:

- Perda da capacidade de compra do diñeiro
- Perda de poder adquisitivo, cando as rendas non se incrementen na mesma contía que a suba dos prezos.
- Aumento do desemprego, provocado por unha substitución da man de obra por capital físico (maquinaria) debido á suba dos salarios para manter o poder adquisitivo.

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

- Empeoramento da Balanza Comercial, ao ser os bens e servizos da economía cada vez máis caros cós doutros países, aumentarán as importacións fronte ás exportacións.

Outras consecuencias poden ser:

- Os debedores se ven beneficiados xa que as cantidades que deben cada vez supoñen un menor importe das súas rendas
- Os acredores se ven prexudicados, desde que non compensen este efecto da inflación cun maior tipo de interese.
- Os máis prexudicados son aqueles que teñen un baixo poder de negociación (xubilados, funcionarios, traballadores de pequenas empresas) que ven como os prezos soben por riba das súas rendas.
- Os beneficiados serán aqueles que teñen un maior poder de negociación para subir as súas rendas e, en certo sentido o Estado coa súa condición de debedor.

6. O ÍNDICE DE PREZOS AO CONSUMO (IPC)

EXEMPLO BCE "A estabilidade de prezos: por que é importante para tí?"

Supoñamos que a cesta da compra representativa do gasto anual dun adolescente está composta de 100 bocadillos, 50 refrescos, 10 bebidas enerxéticas e unha bicicleta de montaña.

	Cantidade	Prezo (ano 1)	Prezo (ano 2)	Prezo (ano 3)
Bocadillos	100	1,00	1,20	0,90
Refrescos	50	0,50	0,40	0,70
Bebida enerxética	10	1,50	1,70	1,20
Bicicleta de montaña	1	160,00	173,00	223,00
Custo da cesta da compra		300,00	330,00	360,00
Índice de prezos		100,00	110,00	120,00

O custo total da cesta pode calcularse multiplicando as cantidades polos prezos respectivos e sumándoo todo. Obsérvase claramente que, entre o primeiro e o segundo ano, o custo desta cesta de bens subiu de 300 euros a 330 euros, é dicir, un 10 %. Do primeiro ao terceiro ano, o custo aumentou de 300 euros a 360 euros, o que equivale a un 20 %.

Outra forma de expresar isto é mediante un índice de prezos. Para calcular o índice de prezos, divídese o custo da cesta da compra correspondente a un período determinado entre o custo desta cesta no período base e multiplícase o resultado por 100. No cadro de arriba, o ano 1 é o período base.

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

En consecuencia, o índice de prezos do ano 3 é:

$$\text{Índice de prezos} = (P_3/P_1) \times 100 = (360/300) \times 100 = 120,00$$

O obxectivo do índice de prezos é ofrecer unha visión xeral da evolución experimentada polos prezos de moitos bens e servizos. Tal como mostra o exemplo, o índice de prezos pode aumentar incluso se algúns prezos baixaron.

6.1 – O Índice de Prezos ao Consumo (IPC)

O Índice de Prezos ao Consumo (IPC) é unha medida estatística da evolución dos prezos dunha cesta de consumo típica das economías domésticas.

Para coñecer a cesta típica das economías domésticas, o Instituto Nacional de Estatística (INE) realiza un meticuloso estudo dos nosos hábitos de consumo, a chamada Enquisa de Orzamentos Familiares (EOF), a última realizada no 2001.

Unha vez coñecidos estes hábitos de consumo, compróbanse os prezos destes produtos e servizos en diferentes mercados e fíxanse como base 100 no ano 2001.

A partir de aí, tómanse os prezos dos mesmos mensualmente e faise unha media ponderada segundo os pesos de cada grupo de bens e servizos.

Segundo a última EOF, os pesos dos 12 grupos contemplados na cesta típica dos fogares españois son:

Grupos de bens e servizos EOF 2001	Pesos (%)	Gasto Medio
Alimentación e bebidas non alcohólicas	21,5	
Bebidas alcohólicas e tabaco	3,22	
Vestido e calzado	10,04	
Vivenda	11,46	
Menaxe e servizos para o fogar	6,36	
Medicina	2,87	
Transporte	15,73	
Comunicacións	2,54	
Ocio e cultura	6,52	
Ensino	1,69	
Hoteis, cafés e restaurantes	11,33	
Outros	6,74	
TOTAL	100	

Na UE utilízase o **Índice de Prezos ao Consumo Armonizado (IPCA)** que non é máis que un IPC que ten en conta os hábitos de consumo dos países membros coa súa ponderación correspondente.

Exercicio:

a) Considerando unha renda media de 19.800 € anuais (segundo os datos do INE en Galicia para 2007) calcular o gasto medio per cápita en cada un dos grupos de bens e servizos da Enquisa de Orzamentos Familiares (cubrir os datos na táboa anterior).

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

A **taxa de inflación** dun determinado período calcularase da seguinte maneira:

$$\text{Taxa de inflación (n)} = \frac{(\text{IPCn} - \text{IPC n-1})}{\text{IPC n-1}} \times 100$$

Tamén se calcula a **taxa de inflación subxacente**, eliminando da anterior os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos.

EXERCICIO IPC

IPC GALICIA E ESPAÑA 2002 – 2006 (BASE 2001)

Calcular, a partir dos datos da seguinte táboa:

1. A taxa de inflación xeral en Galicia e en España para o ano 2002.
2. A taxa de inflación xeral en Galicia e en España para o ano 2003
3. A taxa de inflación xeral en Galicia e en España para o ano 2004
4. A taxa de inflación xeral en Galicia e en España para o ano 2005
5. A taxa de inflación xeral en Galicia e en España para o ano 2006
6. Cal foi o Grupo de Bens e Servizos que máis subiu desde o 2001 ao 2006?
7. Cal foi o Grupo de Bens e Servizos que menos subiu desde o 2001 ao 2006?
8. Canto custaría un pantalón en Galicia 2006 cuxo prezo no 2001 fose de 100 €?
9. Canto custaría unha habitación de Hotel en Galicia no ano 2004, se no ano 2001 custaba 65 €?
10. Canto custaría en España unha vivenda no 2005 que no 2001 custaba 120.000 €?
11. Se no 2006 unha entrada de cine en Galicia costa 4,50 €, Canto custaría no 2001? E no 2003?
12. Se de media a factura de teléfono en España no 2006 fose de 40 € ao mes, Cal sería a media desta factura no 2001?
13. Para manter o poder adquisitivo, unha persoa que no 2001 cobrase ao ano en Galicia 20.000 e anuais, Canto debería cobrar no 2007?. (Ten en conta que os salarios soben en función da inflación do ano anterior).
14. Segundo a EOF, no 2001 un galego que gañase 20.000 euros gastaríase de media o 21,5% en Alimentación e bebidas non alcohólicas, é dicir, 4.300 €. Canto se gastaría por este concepto no 2006? ¿Tería que dedicar unha maior ou menor proporción dos seus ingresos a este grupo no 2006 que no 2001? ¿Por que?

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

EXERCICIO IPC

IPC GALICIA E ESPAÑA 2002 – 2006 (BASE 2001)

GRUPOS	2002		2003		2004		2005		2006	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
Alimentos e bebidas non alcohólicas	104,856	104,662	109,014	108,951	112,386	113,164	116,014	116,738	120,864	121,539
Bebidas alcohólicas e tabaco	105,495	105,664	108,582	109,213	112,341	113,951	117,553	119,734	119,232	121,935
Vestido e calzado	105,924	105,093	110,656	109,084	112,356	111,069	113,838	112,586	115,139	113,999
Vivenda	102,26	102,257	105,433	105,215	109,566	108,895	115,714	114,689	123,57	122,176
Menaxe	102,476	101,978	104,756	104,025	106,889	105,644	110,071	107,87	113,528	110,656
Medicina	104,354	102,639	105,999	104,791	107,05	105,187	107,981	106,086	109,783	107,513
Transporte	101,987	102,019	103,919	104,139	109,185	108,73	115,807	115,597	120,882	120,797
Comunicacións	96,989	97,072	94,312	94,553	93,15	93,564	91,525	92,094	90,17	90,877
Ocio e cultura	102,741	102,453	103,539	103,074	103,853	103,156	103,803	102,976	104,597	103,097
Ensino	104,353	103,849	109,368	108,905	113,615	113,282	118,358	118,075	123,239	122,783
Hotéis, cafés e restaurantes	105,765	105,555	110,003	110,098	114,66	114,551	119,375	119,382	124,562	124,699
Outros bens e servizos	104,072	104,117	106,883	107,575	109,849	110,826	112,718	114,229	116,354	118,417
GENERAL	103,831	103,538	107,013	106,684	110,232	109,927	113,931	113,63	117,948	117,624

FONTTE: INE

NOTA: Á vista destes datos, como a base é o ano 2001 (data da última EOF), de media, os Alimentos e bebidas non alcohólicas subiron no 2002 un 4,856% en Galicia e un 4,662% en España.

No 2003 subiron os Alimentos e bebidas non alcohólicas un 3,965% en Galicia e un 4,098% en España. Non un 4,158 e 4,289 respectivamente como consecuencia de restar o índice de 2002 ao de 2003. A suba deste grupo de bens e servizos calculábase como porcentaxe de incremento dun ano sobre o outro, é dicir, $[(IPC2003/IPC2002)-1] \times 100$, ou ben como

$$\text{Taxa de inflación (n)} = [(IPCn - IPC\ n-1)/IPC\ n-1] \times 100$$

7. DATOS, OPINIÓNS E PREDICCIÓNS

Ao analizar informacións económicas debemos diferenciar entre datos, opinións e prediccións.

Continuamente estanse publicando **prediccións** sobre a marcha da economía, sobre as expectativas de que o PIB medre nunha ou outra contía, pero tamén se realizan continuamente revisións destas previsións. Son moitos os factores que inflúen na economía e, polo tanto, é difícil calcular con exactitude como van variar as súas principais variables.

Así como prediccións, tamén están continuamente aparecendo nos medios de comunicación **opinións** sobre a marcha da economía, sobre se é positiva ou negativa a última cifra de desemprego, se o crecemento da economía é baixo ou se decrece pero medra máis que a media da Unión Europea. Como xa sabemos, diferentes economistas, grandes académicos, poderían dicir exactamente o contrario e ter en parte razón calquera deles, porque a economía é unha ciencia social.

En cambio, os **datos**, deberían ser obxectivos. Estes soamente se obteñen a posteriori, despois de que acontezan os feitos analizados.

Por exemplo, poderíamos predicir que a Selección Española de Fútbol vai quedar entre os catro primeiro da Eurocopa, e contrastar diferentes opinións que defendan esta clasificación. Un dirían que non é posible porque o seleccionador non levou aos mellores, porque a selección española nunca gañou a nivel internacional, ou outros factores (de feito unha cadea de electrodomésticos Media-Markt, ofrece a devolución do 25% da compra se a selección pasa de cuartos). Pero os datos sábense cando acaba a Eurocopa.

Os datos económicos deben tamén analizarse, porque estes poden ser calculados de diferentes xeitos. Por exemplo: a inflación. É corrente escoitar conversacións de familias que din que o diñeiro non lles chega, que os prezos realmente non subiron como din no goberno porque, antes da entrada do euro, un ía á compra e con 5.000 pesetas compraba moitas cousas, pero que agora con 50 euros non se compra nada (é dicir, que a sensación final é que realmente a suba dos prezos foi maior ao 66%, lembrar que 1€=166,386 Ptas).

Exercicio 1 : Compara os datos oficiais do INE sobre a inflación desde o 2002 ao 2007 (Actividade IPC Galicia e España 2002/2006) cos datos que nos ofrece a noticia de hemeroteca “O carro da compra dispárase”. A que se deben estas diferencias?. NOTA: actualizar datos para incluír os de inflación do 2007 (ww.ine.es).

Exercicio 2: Le a noticia “O Goberno espera reducir a inflación ao 2,5% no 2008”. Diferenza datos de opinións e prediccións. Cales son os datos actuais?

TEMA 7 – DIÑEIRO E INFLACIÓN

Exercicio 3: Le a noticia “A oposición usa a inflación para desgastar a Solbes a dous meses das eleccións”. Diferenza datos de opinións e predicións. Elabora un argumento que defenda a posición de Solbes e outra que defenda a do Partido Popular.

Exercicio 4:

Fíxate na diferenza entre os datos da EOF do 1992 e 2001 e analiza como evolucionaron os gastos das familias nestes anos. Duas opcións:

- a) Utiliza os datos de rendas medias de 2007 (19.800 para Galicia).
- b) Busca as rendas correspondentes aos anos 1992 e 2001 para facer o cálculo.

Grupos de bens e servizos	Pesos 1992	Pesos 2001 (%)	Gasto Medio 1992	Gasto Medio 2001
Alimentación e bebidas non alcohólicas	26,78	21,5		
Bebidas alcohólicas e tabaco	2,58	3,22		
Vestido e calzado	11,48	10,04		
Vivenda	10,28	11,46		
Menaxe e servizos para o fogar	6,43	6,36		
Medicina	2,47	2,87		
Transporte	13,58	15,73		
Comunicacións	1,44	2,54		
Ocio e cultura	6,79	6,52		
Ensino	1,29	1,69		
Hoteis, cafés e restaurantes	10,96	11,33		
Outros	5,91	6,74		
TOTAL	99,99	100		

GLOSARIO UNIDADE 7: (Na Web)

Troco	Taxa Anual Equivalente (TAE)
Diñeiro Mercancía	Inflación
Diñeiro Papel	Inflación Moderada
Diñeiro Fiduciario	Inflación Latente
Medio de Cambio	Inflación Aberta
Unidade de Conta	Inflación Galopante
Depósito de Valor	Hiperinflación
Demanda de Diñeiro	Inflación de Demanda
Motivo Transacción	Inflación de Custos
Motivo Precaución	Inflación Estrutural
Motivo Especulación	Índice de Prezos ao Consumo (IPC)
Oferta Monetaria	Taxa de Inflación
Tipo de Interese	Taxa de Inflación Subxacente